

CURSO FEDERATIVO ADESTRADOR VOLEY PRAIA NIVEL

OBJECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é completar a formación deportiva de Adestrador Federativo de Vólei Praia de Nivel I. Mediante ensinamentos conducentes á obtención do Diploma Federativo, permitirase adestrar categorías de vólei praia Infantil (Sub-15) e Cadete (Sub-17) das competicións organizadas polas Federacións de Voleibol de ámbito Autonómico e Nacional.

ORGANIZA: Federación Galega de Voleibol.

DATAS: 27 e 28 de abril de 2024.

HORARIOS: Será en horario intensivo de 10 a 14 e de 16 a 20.

LUGAR: Instalacións deportivas de Oira (Ourense).

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: Ata o 23 de abril de 2024.

PREZO DA INSCRIPCIÓN: 100 euros.

REQUISITOS PARA OBTENCION DO TITULO FEDERADO

Poderán acceder ao curso segundo o regulamento da Escola galega de adestradores:

- Ter 16 anos cumpridos ou facelo no ano de celebración do curso.
- Estar en condición óptima para a realización de actividade física, non presentando ningunha patoloxía severa que lle impida a participación nas clases prácticas.
- A titulación definitiva outorgarase despois de realizar un período de prácticas dunha duración mínima dunha tempada deportiva.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN

Para que o curso se leve a cabo faise necesaria unha inscrición dun mínimo de 10 alumnos/as, de non alcanzarse ese número o curso será suspendido e o importe do mesmo devolto nun prazo de 15 días.

Os pasos serán os seguintes:

- Encher o formulario de inscrición do curso na páxina da federación galega.
- Facer o pago na conta de FEDERACION GALEGA DE VOLEIBOL Banco Sabadell: ES71 0081 0499 6400 0137 8440 CALIFICACIÓN DO CURSO

Para aprobar o curso os alumnos deberán obter a calificación de "APTO" en todas e cada unha das materias que compoñen o plan de estudo, así como completar o 90 % da formación presencial e electrónica.

No caso de suspender tres ou menos materias do curso, poderá matricularse só destas. Se suspenden catro ou máis será necesario repetir todo o curso. Nas seguintes convocatorias, os alumnos que se atopen nesta situación, abonarán a cantidade establecida por materia que deban repetir. Dispoñerán dun máximo de tres anos desde a finalización do curso para aprobar estas materias, pasados os cales deberá repetirse o curso na súa totalidade.

ASIGNATURA

Nº HORAS

- PREPARACIÓN FÍSICA BÁSICA 2 HORAS.
- TÉCNICA E TÁCTICA BÁSICA 4 HORAS.
- METODOLOXÍA DO ADESTRAMENTO 2 HORAS.
- XESTIÓN DE GRUPO 4 HORAS.
- XESTIÓN E ORGANIZACIÓN BÁSICA DE PROXECTOS ESCOLAS E EVENTOS 4 HORAS.
- REGLAS DE XOGO 2 HORAS.
- HÁBITOS SAUDABLES 2 HORAS.
- PROXECTO FIN DE CURSO (TRABALLO) 4 HORAS.
- TOTAL 24 HORAS.

CONVALIDACIÓN

As convalidacións do curso de Nivel I quedan reguladas polo artigo 24 do Regulamento da Escola Galega de Adestradores.

PROFESORADO: Juan Jose Chinchilla Mira